



**XUNTA DE GALICIA**

**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

Dirección Xeral de Ordenación e Innovación  
Educativa

Edf. Adm. San Caetano s/n, bloque 2, 2º andar  
15781 – Santiago de Compostela

Ante reiteradas consultas de centros educativos acerca das programacións docentes e os informes de avaliación final, e coa finalidade de facilitar a súa elaboración, enviánselles estas orientacións que confiamos poidan ser de utilidade.

Santiago de Compostela, 28 de xaneiro de 2009

A Subdirectora Xeral de Ordenación  
Educativa,

Asdo.: Victoria Navaza Blanco

O Subdirector Xeral de Inspección,  
Avaliación e Calidade do Sistema  
Educativo

Asdo.: José Graña Carrodegas

**Sr./a. Director/a. do Centro.**



No curso 2007-2008 comezou a aplicación da Lei Orgánica de Educación e ata o ano académico 2009-2010 non estará implantada en todos os cursos da ensinanza non universitaria. A utilización dun novo currículo considérase como unha oportunidade para elaborar unhas programacións docentes axeitadas á realidade dos centros e que dean resposta ás demandas que aparecen na normativa.

En función diso, os coordinadores de ciclo nos colexios de educación infantil e primaria e os departamentos dos institutos de educación secundaria deben elaborar a programación de cada unha das áreas, materias, módulos ou ámbitos que teñan asignadas.

### **A programación docente.-**

Sendo conscientes de que as programacións, neste momento, xa están elaboradas e enviadas aos servizos de inspección educativa, e coa intención de que sexan completadas naqueles aspectos non contemplados nas mesmas, quérese salientar que nas programacións docentes deben incluírse os seguintes aspectos:

- 1.- A contribución de cada materia ao logro das competencias básicas.
- 2.- Os obxectivos establecidos para cada curso/ciclo.
- 3.- Os contidos, secuencia e temporalización.
- 4.- Os criterios de avaliación, relacionados coas competencias básicas.
- 5.- A metodoloxía didáctica que se vai aplicar.
- 6.- Os materiais e recursos didácticos que se vaian a utilizar.
- 7.- Os procedementos e instrumentos de avaliación.
- 8.- Os criterios de cualificación.
- 9.- A especificación dos mínimos esixibles para obter unha avaliación positiva.
- 10.- As medidas de atención á diversidade
- 11.- O programa de reforzo para a recuperación das materias pendentes de cursos anteriores.
- 12.- Actividades complementarias e extraescolares
- 13.- As accións previstas de acordo co proxecto lector.
- 14.- As accións previstas de acordo co plan de integración das TICs
- 15.- Procedemento de acreditación de coñecementos previos das materias que así o precisen (para o 2º curso do bacharelato)
- 16.- Os criterios para avaliar a propia programación.

Así mesmo, lémbrese que os centros deben concretar os procedementos de información ás familias o ao alumnado, sobre o proceso de aprendizaxe, os obxectivos, competencias básicas, contidos, criterios de avaliación e mínimos esixibles.

Para optimizar esforzos e recursos sería aconsellable que as programacións docentes e calquera outro documento pedagóxico que os centros educativos deban remitir á inspección educativa se envíen en soporte informático.



### Informe de avaliación final de ciclo/etapa/curso.

O artigo 14º da Orde do 23 de novembro de 2007 pola que se regula a avaliación na educación primaria e o artigo 14º da Orde do 21 de decembro de 2007 pola que se regula a avaliación na educación secundaria obrigatoria, establecen a elaboración dun informe individualizado de cada alumna e alumno que recollerá os aspectos máis relevantes sobre o proceso de aprendizaxe, cando menos o grao de aprendizaxe en cada unha das materias e/ou ámbitos, o desenvolvemento das competencias básicas, a consecución dos obxectivos en cada unha delas, as decisións sobre medidas de atención á diversidade que fosen adoptadas así como todos aqueles aspectos que permitan facer un mellor seguimento do seu proceso de aprendizaxe.

No anexo V das ordes antes mencionadas xúntase un modelo orientativo dese informe e nel debe quedar reflectido o grao de desenvolvemento das competencias básicas, por isto hai que recordar que os criterios de avaliación de cada área ou materia serven de referencia para valorar o progresivo grao de adquisición destas competencias.

Para facilitar o cumprimento do anexo V incluímos, a modo de exemplo, un posible modelo que recolle o grao de desenvolvemento das competencias básicas:

Competencias básicas	Grao de desenvolvemento *
1.Comunicación lingüística	
2.Matemática	
3.Coñecemento e interacción co mundo físico	
4.Tratamento da información e competencia dixital	
5 Social e cidadá	
6.Cultural e artística	
7. Aprender a aprender	
8. Autonomía e iniciativa persoal	

(\*)Baixo; Aceptable; Bo; Excelente

En calquera caso o Anexo V recollerá o grao de desenvolvemento de cada unha das competencias básicas.

Tendo en conta que, segundo o calendario de implantación da LOE, na etapa de educación primaria, a súa implantación non rematará ata o curso 2009-2010, e de acordo co establecido na disposición transitoria terceira da Orde do 23 de novembro de 2007 (DOG do 30 de novembro), durante o curso 2008-2009, o informe individualizado de **final de etapa**, expresará soamente o grao de aprendizaxe referido aos obxectivos acadados polo alumnado.

No actual curso 2008-2009, e para os ciclos 1º e 2º da etapa de educación primaria e para todos os cursos da ESO, este informe recollerá o grao de aprendizaxe acadado referido aos obxectivos e ás competencias básicas.